

Por que mentiu o alcalde?

No pleno do 04/04/2013, pedimos a comparencia do alcalde, na que lle preguntamos sobre a suspensión do xuízo por desobediencia contra o empresario Jorge Cuevas, dono da cementeira situada na parroquia de Vilar. A acta do pleno recolle o seguinte:

“COMPARENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN AO XUÍZO CONTRA JORGE CUEVAS (CEMENTEIRA DE VILAR)

Por AER fórmulase a seguinte solicitude de comparencia. [...]

O Alcalde di que o Concello non é parte demandante senón que se puxeron os feitos en coñecemento do xulgado, que actúa de oficio. Non poden facer nada. Terá que preguntar directamente no Xulgado.”

Pódese consultar a acta deste pleno na seguinte ligazón:

http://www.redondela-server.net/web/images/stories/Actas_dos_plenos_2011/2013/04ABRIL2013.pdf

Outra vez máis temos que dicir que o alcalde ou esta moi mal informado ou prefire mentir antes de dar contas sobre a súa “xestión”, nin que este fora un tema menor. Estamos a falar dunha cementeira que leva funcionando 24 anos de forma ilegal!!!

Aquí deixamos a proba da mentira do alcalde:



JDO. DE LO PENAL N. 2 VIGO

C/ LALÍN N. 4 ED.NUEVO PLANTA 3
Teléfono: 986.817342/43/44 Fax: 986.817345
N30800 CEDULA CITACIÓN PERITOS, TESTIGOS, INTERPRETES

PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000267 /2012

N.I.G: 36057 51 2 2012 0001302

Órgano judicial de procedencia: REDONDELA 1 de PROCED.ABREV

Procedimiento de origen: 640/09 /

Delito RESISTENCIA/GRAVE DESOBEDIENCIA A AUTORIDAD/AGENTE

Procurador/a: JOSE JAIME PEREZ ALFAYA

Abogado: ALFONSO PEREIRA FERNANDEZ

Acusación: CONCELLO DE REDONDELA

Procurador/a: TICIANO ATIENZA MERINO

Abogado: CARLOS MANUEL TERCEIRO LOMBA

Acusado/a: JORGE CUEVAS ALVAREZ

Como podedes observar o documento pon moi clariño: “ Acusación: Concello de Redondela”.

Polo momento nada máis, xa seguiremos informando sobre este tema na que están implicados tanto os que gobernaban antes como os de agora.